

informa **TEO**

URBANISMO

140 vivendas de Teo a análise para elaborar o informe de radon



Teo sitúase no Concello de España con máis medicións por densidade de poboación

Os resultados do Informe de radon residencial, realizado no Concello de Teo polo laboratorio de Radon da USC, indican que a concentración deste gas parece algo maior nas parroquias do Oeste do Concello (límitrofe con Ames), fronte ás do Leste.

Para o estudo, realizado a través dun convenio coa USC, tomáronse as medicións en 140 vivendas do Concello. A concelleira de Urbanismo, Uxía Lemus, e Alberto Ruano, profesor da USC foron os encargados de explicar o traballo realizado. Trátase dun “estudo innovador e pioneiro”, en palabras de Lemus, que sitúa a Teo, como o concello de España con máis medicións por densidade de poboación. Fixéronse 140 medicións en vivendas unifamiliares de persoas empadroadas en Teo, que se sumaron ás que tiñan realizadas dende o Laboratorio. O informe analiza as 212 medicións de Teo que ten neste

momento a USC. O interese deste traballo explícase porque “a presenza deste gas é unha realidade, pero hai que aclarar que hai medidas que se poden tomar para minimizar o seu impacto”, segundo especificou a concelleira.

O informe amosa que un 39% dos domicilios analizados teñen uns niveis superiores aos 300 Bq/m³ Un nivel que non se debe superar, de acordo coas recomendacións da OMS.

Medidas correctoras

Para concentracións elevadas, recoméndase unha arqueta de succión. En rehabilitacións, poden ser recomendadas láminas antiradon, na parte máis baixa da vivenda. E para casos concretos, os sistemas de ventilación forzada poden ser útiles para reducir a concentración do radon interior. As actuacións deben facerse baixo supervisión e volver a medir posteriormente •

“Sentir Teo no Camiño”, unha audioguía con ollada feminina



Unha audioguía con ollada feminina en primeira persoa e narrado na voz de Marusela, así é “Sentir Teo no Camiño”.

Turismo Teo presentou esta audioguía a finais do mes de setembro. O seu obxecto é coñecer e interpretar o patrimonio teense, no paso do Camiño de Santiago portugués.

Nace froito dun rigoroso traballo de investigación coas mulleres da contorna de Francos, Osebe, A Casalonga e A Pedreira.

“Sentir Teo no Camiño” adéntranos no pasado, o que nos permite coñecer o sentido dos elementos patrimoniais e o que significaron na vida desas mulleres.

O proceso deu comezo cunha investigación etnográfica, que precisou a entrevista a 12 mulleres de Francos, Osebe, Casalonga e A Pedreira. Deste xeito, indagouse nas súas vivencias vitais e como estas están relacionadas co patrimonio. Así, os lavadoiros, fontes, escolas e muíños do noso territorio foron lugares e espazos onde se construíu comunidade en feminino.

Despois da investigación e cun traballo conxunto co Arquivo municipal prepárase a guionización da audioguía. Trátase duns audios en primeira persoa onde unha muller, Marusela, conta as súas vivencias nos diferentes espazos do municipio.

Casa Común de Francos, Lavadoiro de Francos, Carballeira de Francos e San Martiño, Lavadoiro da Casalonga, Fonte da Casalonga e Ponte medieval e lavadoiro do Río Tinto son os lugares onde se sitúa a sinalética, que nos permite escoitar este relato. Marusela fainos viaxar no tempo e comprender mellor o noso patrimonio.

Dende Turismo de Teo, ofértase un novo percorrido, que une o patrimonio material e inmaterial desta zona de Calo pola que pasa o Camiño Portugués.

Desta maneira, parte do proxecto da audioguía “Sentir Teo no Camiño” foi financiado cos Fondos de Promoción e Dinamización do Xacobeo 2021, da Axencia de Turismo de Galicia •

Para elaborar a audioguía entrevistouse a 12 mulleres de Franco, Osebe, A Casalonga e A Pedreira

Volven os cabalos á carballeira polo San Martiño!

O vindeiro 11 de novembro, celebrarase na Carballeira de Francos a Feira do San Martiño. Unha tradición no Concello de Teo que data do século XV, e que fora interrompida no 2020 por mor da pandemia.

Este ano, e con novas medidas de seguridade fronte á COVID19, retómase a feira. Así, as actividades arredor do San Martiño comezarán con antelación, dende o sábado 6 haberá concertos na carballeira. Xa na véspera do San Martiño, onde se reúnen gran cantidade de persoas arredor das polbeiras tamén se contará cun concerto musical. Serán de balde e informarase do acceso e a reserva de prazas. Os



carteis dos concertos publicaranse a mediados de outubro, na web municipal e nas redes.

O día da feira, ademais do mercado de cabalos, a veciñanza poderá mercar nos postos de venda de produtos agrícolas e gandeiros, alimentación e artesanía popular. Para xantar, como vén sendo tradición, habilitarase espazo para as carpas das pulperías. Agora, o que queda é desfrutar das actividades propias do día e ¡seguir escribindo a historia do Concello! •

Amais do mercado de cabalos, haberá concertos, produtos típicos gastronómicos e moito polbo

Recesende conta cun novo parque infantil “seguro e adaptado”

O parque, ao carón do CRA, está adaptado ás idades das cativadas ata os 12 anos

Recesende conta cun novo parque infantil, seguro e adaptado ás idades da cativada, ao carón do CRA.

Servizos Básicos vén de instalar un novo parque infantil en Recesende. “Alí había un parque infantil en moi malas condicións, moi antigo e cos xogos deteriorados. Así, xa non se mantiñan as medidas mínimas de seguridade”, explica o concelleiro, José Manuel Elías, que con este novo investimento deixouse unha zona de xogos novos, adaptados ás idades dos cativos ata os 12 anos, con chan de caucho e un peche de seguridade, ademais dun espazo amplo para o disfrute. O parque, emprazado a carón do CRA de Recesende, será de uso para o alumnado da unitaria e tamén para uso xeral.

Dende Servizos Básicos traballan para ir renovando os parques, ben instalando novos xogos, ben realizando obras de mantemento. Neste eido, se traballa coa intención de ter un parque novo ou renovado por parroquia •



EDUCACIÓN O Concello de Teo investiu 60 mil euros nos centros escolares

A área de Educación do Concello de Teo vén de realizar diversas obras nos centros escolares, cun investimento de 60 mil euros.

Explican dende a concellería de Educación que ao longo do pasado curso escolar, presentaron un dossier á Xerencia Territorial de Educación da Xunta, solicitando as obras nos distintos centros. Entre outras, o cambio do tellado do CEIP Os Tilos, o cambio completo de ventás e persianas no CEIP de Calo, ou o tellado da escola do CRA de Cacheiras. Así e todo, “unha vez máis a Xunta de Galicia, non fixo ningunha obra das solicitadas” manifestou a concelleira, Mayte Argibay.

Así, dende a concellería de Educación, “vímonos abocados a facer obras nos colexios, máis aló das de mantemento e conservación que son as que nos corresponden”, insistiu a concelleira. Neste eido, arranxouse o ximnasio do Ceip Os Tilos, o peche perimetral da escola do CRA de Reis e de Raxó; obras demandadas dende hai anos. Pintáronse as aulas e



espazos escolares na Casalonga, Ameneiro, Os Tilos e Calo, e realizouse a tala de árbores en varios centros, así como os arranxos de fontanaría, carpintería e electricidade.

Por último, iniciouse unha campaña de unificación da imaxe dos centros, en colaboración coa muralista Teense, Raquel Germade. Comezou pintando en Raxó e Recesende e continuará co CRA na Casalonga, Cacheiras e Reis •

O Concello realizou obras nos centros educativos do municipio, que van dende o cambio de peche ata o pintado

CULTURA Regresa o club de lectura das bibliotecas municipais

O próximo xoves 7 de outubro, retomamos a andaina do Club de Lectura, organizado polas bibliotecas de Teo. Este curso, iniciamos coa última obra da escritora e veciña, Arantza Portabales, *La vida secreta de Úrsula Bas*. Para asistir, as persoas interesadas poden anotarse no correo bibliotecatilos@teo.gal ou na propia biblioteca dos Tilos.

Unha vez elixido o libro, as reunións organizaranse cando as persoas participantes teñan a obra acabada. O día e hora das mesmas, que se celebran normalmente na mediateca



“La vida secreta de Úrsula Bas” da escritora e veciña, Arantza Portabales, inaugura o club de lectura

de Cacheiras, fixarase coas persoas do primeiro encontro. Este ano, haberá novidades e sorpresas para os asistentes ao noso club de lectura, segundo explicou a concelleira de Cultura, Mayte Argibay •

O programa de envellecemento activo recupera a presencialidade

As persoas interesadas no programa poden anotarse ou solicitar información no 981 80 97 07



O programa de envellecemento retoma a maioría da programación presencial e abre as inscricións, do 1 ao 13 de outubro.

“Recuperamos a maioría das actividades presenciais, despois de máis dun ano de actividade interrompida pola pandemia”, indica Ignacio Iglesias, concelleiro da área. Nos meses da pandemia, a oferta pasou da interrupción total a ir recuperando as clases en liña. Neste curso, a aposta é volver a unha programación presencial, agás nalgunhas disciplinas nas que se optou polo traballo a distancia. Recalcou amais Ignacio Iglesias, a importancia de “volver a unha actividade social para o colectivo de persoas maiores, tentando que manteñan actividade física e de estimulación cognitiva”.

A oferta abrangue exercicios para persoas con enfermidades crónicas, en Cacherías; estimulación cognitiva e memoria en Cacheiras, Solláns e Vilariño; estimulación cognitiva para persoas con alzhéimer en Cacheiras; e ximnasia terapéutica en Cacheiras, Calo, Francos, Lampai, Luou, Os Tiños, Lucí, Rarís e Vilariño. Ademais, ofértase pintura en Lucí e encaixe de palillos no Auditorio Municipal Constante Liste; e as actividades de piscina na instalación da Ramallosa, cun prezo de 6 € ao mes. A oferta completa pódese consultar na web ou nas oficinas municipais.

As clases estarán condicionadas á normativa covid, para garantir a seguridade dos participantes.

As persoas interesadas poden anotarse ou solicitar información no 981 80 97 07 •



ADMINISTRACIÓN

Teo conta cun Portal Tributario para realizar xestións en liña

Teo conta cun Portal Tributario para o pago de taxas, que comezou a funcionar en setembro. No mesmo, poderase realizar xestións en liña relacionadas coas taxas e tributos municipais, como o pago das escolas deportivas e culturais e a expedición de documentos públicos. Unha vez realizada a autoliquidación, tamén se pode ir a ao apartado do pago telemático. Outros trámites que se poden realizar son a consulta da débeda tributaria ou os cambios de domiciliación; nas que é preciso entrar con certificado dixital. O enderezo do portal é o seguinte: ovt.teo.gal/portalCiudadano/portal. Tamén, se pode acceder directamente dende a portada da web do Concello, premendo no icona “Portal Tributario”.

A primeira pedra do edificio sindical de Luou cumpre 110 anos



110 anos despois, aínda se pode ler a inscrición: “EDIFICIO SOCIAL DE LUOU / 7 OCTUBRO DE 1911”

O 7 de outubro de 1905 nacíu a primeira sociedade agraria teense e unha das primeiras da provincia da Coruña. O “Centro Agrícola Pecuário de Luou” presidido por don Benito Gómez xurdía co obxectivo de garantir a defensa e emancipación dos agricultores da parroquia. Poucos meses despois, constituíase en Bos Aires a “Sociedade Protectora do Centro Social de Luou”, que xestionaría as remesas de cartos e materiais que os emigrantes arxentinos enviaban para fornecer a sociedade. Créase tamén a comisión “pro-edificio en Galicia” para custear os gastos da súa construción e José M. Cruces ofrece un solar para o novo edificio.

Grandioso acontecemento

A revista Teo, órgano oficial de la Federación Residentes de Teo en Sud - América (1911), recolle as crónicas da colocación da primeira pedra, o 7 de outubro de 1911, coincidindo co 6º aniversario da sociedade. “Un grandioso acontecimiento único en su clase en este municipio y digno de figurar en la historia de la Sociedad de Luou” escribe J. Iglesias na revista do 15 de novembro de 1911. A crónica principal figura no número de decembro asinada polo correspondente Ramón Ortigueira. Da conta dos padriños do acto o señor Ramón Liñares e a súa dona, Marcelina Rey, residentes en Montevideo, e representados no acto polo seu irmán José

Liñares e a señora Josefa Pereiro de Liñares. Houbo tamén unha participación destacada de todas as sociedades teenses, e dos colectivos do clero, do goberno municipal e da prensa local. Un “oficial cantor” procedente de Compostela actuou acozmezo do acto. Celebrouse un grande banquete que contou cos discursos dalgúns dos persoeiros teenses máis relevantes no eido educativo, económico, social, cultural e relixioso: Alejandro Torrado de Río (o “marquesito de Noceda”), os edís Edreira e Viño, o presidente e o secretario da Sociedade, señores J. Villa e J. M. Iglesias Boullón, os curas de Cacheiras e Oza, etc. Todos agradeceron o labor dos emigrados, que propiciaron tanto as melloras materiais como intelectuais.

Ás catro da tarde, os catro eclesiásticos que asistiron á cerimonia beicen a pedra, mentres que descendía para ser axustada no limiar da porta coa presenza dos padriños do acto, que deixaban caer a fita de seda. Finalmente, o Sr. Iglesias leu un discurso enviado polos doadores americanos para pechar o acto. A xornada rematou na carbaileira de Vales cun “Baile campestre”.

110 anos despois aínda ollamo, ao pé das escaleiras que van ao primeiro andar, a inscrición que reza “EDIFICIO SOCIAL DE LUOU / 7 de octubre de 1911” •

AXENDA

Outubro de 2021



Martes

Servizo de asesoramento sobre a factura eléctrica.
De 10:00 a 12:00 h. Salón de Plenos da Casa do Concello.

Venres

Mercado en Cacheiras.

Sábados

Mercado do Alimento Labrego nos Tilos.

1 Venres. 18:00 h. **Contacontos "Camiño de mar, terra e vento"** da actora e veciña de Oza, Paula Carballeira. Reserva de entrada en entradascultura@teo.gal. Biblioteca dos Tilos.

21:00 h. **Concerto de Tanxugueiras**. Reserva de entrada en: entradasconcerto@teo.gal. Explanada da Escola Infantil de Calo.

1-13 Inscripcións nas **actividades de Envellecemento activo**: ximnasia terapéutica; estimulación cognitiva, pintura, encaixe; actividade deportiva para persoas con enfermidade crónica; actividades de piscina; e estimulación cognitiva, para persoas con alzhéimer. **Inscripcións** en Servizos Sociais, no 981 80 97 07 ou no correo servizossociais@teo.gal.

2 Sábado. 10:00 h. **Visita teatralizada dos Quinquilláns** da Ruta da Batalla de Cacheiras. Público adulto. Inscripcións en turismo.teo.gal.

12:00 h. **Teatro "Crónicas de Ouro"** por Vicus Teatro. Para maiores de 14 anos. Reserva de entrada en entradascultura@teo.gal. Mercado de Alimento Labrego - Os Tilos.

8 Venres. 16:30 h. Comeza a **aula de teatro xuvenil** na Casa Común de Raris.

18:00 h. **Contacontos**. Proxecto Bululú con **"Contos do revés"**. Público infantil. Reserva de entrada en entradascultura@teo.gal. Biblioteca do Grilo - Cacheiras.

9 Sábado. 21:00 h. **Divulgación. "Código Alfa (versión: beta)"** polo actor e veciño dos Tilos, Vicente Mohedano. Público maior de 14 anos. Reserva de entrada en entradascultura@teo.gal. Biblioteca dos Tilos.

15 Venres. 18:00 h. **Dinamización. "As rescatadoras (Rescate na biblioteca II)"** con Antía Yáñez. Público infantil (7 a 13 anos). Reserva de entrada en entradascultura@teo.gal. Biblioteca dos Tilos.

CANDO QUERO VIVIR
DIGO MORAIMA...



**FALAMOS UN ESPAZO PARA
COIDAR A NOSA LINGUA**

Cando quero vivir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando semento a espranza.
Digo Moraima
eponse azul a alba.

Celso Emilio Ferreiro

AXENDA

Outubro de 2021



Martes

Servizo de asesoramento sobre a factura eléctrica.
De 10:00 a 12:00 h. Salón de Plenos da Casa do Concello.

Venres

Mercado en Cacheiras.

Sábados

Mercado do Alimento Labrego nos Tilos.

16 Sábado. 18:00 h. Grupo de Teatro Amador Lohengrín coa obra **"Coa mirada nas súas MANS"** (adaptado para público invidente). Para maiores de 14 anos. Reserva de entradas en entradascultura@teo.gal. Auditorio Constante Liste.

Escola ecoloxista. Preparamos unha brigada verde. Lugar por determinar. Dirixido á mocidade de 10 a 16 anos. Inscripcións en mocidade@teo.gal.

17 Domingo. 19:00 h. **Teatro.** Grupo de Teatro Amador Paso de Valverde coa obra **"Alén"**. Para todos os públicos. Reserva de entradas en entradascultura@teo.gal. Auditorio Constante Liste.

18-24 **Día das escritoras.** Cada día da semana publicaranse nas redes sociais de Cultura e das Bibliotecas do Concello, unha ficha con información relativa a unha autora vinculada co Concello de Teo e unha pequena reseña dalgún dos seus libros.

22 Venres. 18:00 h. **Contacontos e Teatro.** Anoando presenta **"Pictoconto de Breixo e o rei mago"**. Público infantil (3 a 6 anos). Reserva de entradas en entradascultura@teo.gal. Biblioteca do Grilo - Cacheiras.

18:00 h. **Grupo de Teatro.** Amador Andaravía Teatro coa obra **"Brincacontos"**. Público infantil. Reserva de entradas en entradascultura@teo.gal. Auditorio Constante Liste.


23 Sábado. 12:00 h. **Contacontos.** Celebración do Día das Bibliotecas coa obra **"A carteira de Augasclaras"** pola veciña dos Tilos e contadora, Carmen Domech. Público infantil (4 a 11 anos). Reserva de entradas en entradascultura@teo.gal. Biblioteca do Grilo - Cacheiras.

Sábado. 11:30 h. **Apego. Ruta en familia** na procura de cogomelos. **Impartido por Sira López, educadora ambiental.** Dirixido a familias con crianzas de 0 a 6 anos. Prazas limitadas a 20 familias, de balde. Inscripcións a partir do 18 de outubro, por orde de entrada, enviando o nome completo das persoas asistentes e DNI, no caso de telo, a lingua@teo.gal. Área Recreativa de Mouromorto.

24 Domingo. 19:00 h. **Teatro.** Grupo de Teatro Amador Tiruleque coa obra **"A farsa do Maitre Pathelin"**. Para todos os públicos. Reserva de entradas en entradascultura@teo.gal. Auditorio Constante Liste.

29 Venres. 21:00 h. **Teatro.** Compañía de Teatro Malasombra coa obra **"Bernarda"**. **Galardoada con catro premios María Casares no 2020.**

Público adulto. Auditorio Constante Liste. Reserva de entrada: en entradascultura@teo.gal.



30 Sábado. 21:00 h. Autocine con **"A familia Adams"**. Aparcadoiro Asociación A Ponte Vella. Reis. Entradas: autocinecultural@teo.gal/ 981 941 063.